



Estrutura orgánica



O novo organigrama da Consellería de Traballo e Benestar aposta pola continuidade e por reforzar a área de inclusión

A Xunta incrementará en 2013 a partida orzamentaria destinada á Renda de Inclusión Social de Galicia nun 38 por cento

- ▶ A titular de Benestar avanzou que os orzamentos da Xunta para o ano 2013 contemplan un "importante" incremento na partida destinada á inclusión social, onde destacou a correspondente á RISGA que superará os 32,5 millóns de euros.



A Xunta blinda o financiamento para o mantemento das entidades de discapacidade e pactará a distribución anual en función da súa representatividade

- ▶ O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reuníronse coa directiva do CERMI Galicia co fin de establecer un novo marco de colaboración con este colectivo
- ▶ O Goberno galego comprometeuse a manter o mesmo financiamento de cara ao próximo ano
- ▶ O novo marco contempla unha nova redistribución das axudas de acordo coa representatividade real das persoas con discapacidade que se realizará de forma gradual ao longo da lexislatura.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 278.787 desempregados

Sumario	Benestar social	2-3	Traballo e economía social	8-10
	Formación e emprego	4-6	Xuventude e voluntariado	11
	Informe do paro rexistrado	6	Publicacións	14
	Diálogo social	7	Normativa	15-20

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835

Mato destaca a importancia da primeira Lei do fomento do emprendemento de Galicia que verá a luz no próximo ano

- ▶ A responsable de Traballo destacou que esta Lei supón a creación dun "marco legal que se axuste á realidade que vivimos e á auténtica dimensión social dos autónomos e emprendedores"
- ▶ Mato explicou que a creación e consolidación de novas empresas é unha das receitas que se deben aplicar para superar a crise.

Salario Mínimo Interprofesional:

645,30 euros mensuais

Cadro pensións mínimas 2013

BENESTAR SOCIAL

A Xunta blindará o financiamento para o mantemento das entidades de discapacidade e pactará a distribución anual en función da súa representatividade

Santiago, 18 de decembro de 2012.- O Goberno galego blindará de cara ao próximo ano os fondos destinados ao mantemento das entidades que conforman CERMI Galicia (Comité de entidades de representantes de persoas con discapacidade). Isto é, a contía que recibirán para o próximo exercicio será a mesma que recibiron nos convenios da área social neste último exercicio. Ademais, pactarase unha redistribución dos fondos nun marco máis xusto, solidario, estable e eficiente.

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reuníronse con representantes do CERMI Galicia co fin de establecer este novo marco de colaboración.

Segundo explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ao remate da xuntanza, con esta iniciativa o Goberno galego “mantén o compromiso de, nun momento especialmente difícil, blindar as axudas para o mantemento das entidades que traballan a prol da discapacidade”. Deste xeito, garantiron que, como mínimo, as



O presidente da Xunta e a conselleira de Traballo e Benestar na reunión cos representantes de Cogami

entidades que conforman CERMI recibirán en 2013 a mesma cantidade que nos convenios deste exercicio (3 millóns de euros).

Hai que ter en conta que esta cifra refírese só ao que recibe directamente cada unha das organizacións para o seu mantemento, pero nesta contía non se inclúen o concerto de prazas nin as ordes referidas ao emprego.

Nova redistribución

Por outra banda, a titular de Traballo e Benestar avanzou que este protocolo contempla unha redistribución das axudas

de que as entidades poidan asumir progresivamente as novas contías que van percibir. Deste xeito, irase pactando anualmente a repartición do exercicio seguinte, o que outorga ás entidades unha maior estabilidade ao coñecer de antemán os fondos dos que disporán.

Ademais, o feito de contar con este protocolo “permítenos avanzar en transparencia na xestión das axudas para a discapacidade”. E tamén contribúe a que a xestión sexa “máis eficiente”, obtendo o máximo rendemento de cada euro público, un aspecto esencialmente importante cando se fala de investimento social.

En definitiva, o novo acordo marco supón “un paso adiante no camiño de mellorar o benestar das persoas con discapacidade, pola súa integración plena na sociedade e pola igualdade efectiva de oportunidades”. Ao mesmo tempo, afóndase e consolídase a colaboración con CERMI Galicia, que foi unha prioridade desde o inicio da lexislatura e que seguirá sendo a liña que cómpre seguir nos próximos catro anos.

<http://www.cermi.es/es-ES/Paginas/...>



A Xunta incrementará en 2013 a partida orzamentaria destinada á Renda de Inclusión Social de Galicia nun 38 por cento

- A titular de Benestar avanzou que os orzamentos da Xunta para o ano 2013 contemplan un “importante” incremento na partida destinada á inclusión social, onde destacou a correspondente á RISGA que superará os 32,5 millóns de euros
- Lembrou que a nova Lei de inclusión social, que establecerá unha nova RISGA por tramos, aprobarase en 2013 no Parlamento.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2012.- Os orzamentos da Xunta de Galicia para o 2013 recollen un “importante” incremento da partida orzamentaria destinada á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) para seguir apoiando as persoas que máis o necesitan. Así, o avanzou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras reunirse coa directiva da Federación de Bancos de Alimentos de Galicia.

Mato indicou que este aumento na partida da RISGA amosa “o compromiso firme” da Xunta coas persoas máis vulnerables. O goberno galego, explicou, marca así unha prioridade clara nos seus orzamentos do ano que vén, ampliando o crédito dirixido

á RISGA en máis de 9 millóns de euros, é dicir un 38% con respecto aos orzamentos do exercicio 2012.

Así mesmo, destacou que este crédito, ao igual que o ano pasado, será ampliable para poder atender a todos aqueles que o precisen.

A conselleira sinalou que unha das prioridades do departamento autonómico de cara a 2013 será o reforzo da Área de inclusión social. Por iso, lembrou que nesta nova lexislatura vén de crearse unha Dirección Xeral específica de Familia e Inclusión co obxectivo de “dar apoio e cobertura a todas as familias de Galicia, sobre todo a aquelas que están a vivir momentos de especial dificultade”.

Así mesmo, a titular de Benestar explicou que outro dos principais obxectivos en 2013 será aprobar a nova Lei de inclusión social de Galicia, que converterá á RISGA “nunha auténtica ferramenta de inserción”. Neste sentido, explicou que a Xunta está a traballar para que a situación das persoas en risco de exclusión social non se cronifique.

“Para iso imos establecer unha nova RISGA por tramos que establezan os incentivos necesarios para que se produza a inserción real”, subliñou.

Por último, Mato resaltou que o Goberno galego porá “a máxima dedicación e esforzo” para mellorar e ampliar as políticas de inclusión social.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reuniuse cos representantes do Banco de Alimentos de Galicia

Mato reafirma o seu compromiso co colectivo da discapacidade auditiva e anuncia que a nova Lei de accesibilidade estará lista en 2013

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu na Coruña á toma de posesión do novo presidente da Federación de Asociacións de Xordos de Galicia (FAXPG)
- A titular de Benestar destacou que o anteproxecto de lei mellorará a actual normativa nos ámbitos das telecomunicacións e as novas tecnoloxías, entre outros.

A Coruña, 11 de decembro de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reafirmou o seu compromiso co colectivo da discapacidade auditiva na toma de posesión do novo presidente da Federación de Asociacións de Xordos de Galicia (FAXPG), Iker Sertucha. No acto, a titular de Benestar anunciou que a nova Lei de accesibilidade de Galicia se debaterá no Parlamento nos primeiros

meses do próximo ano.

A normativa, que estará lista para 2013, actualizará e mellorará o actual texto autonómico que data de 1997. Así, o anteproxecto de Lei, segundo destacou Mato, inclúe melloras nos ámbitos das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e os servizos que prestan as administracións públicas. “O noso compromiso é que os servizos e recursos que ofrece a Administración

sexan completamente accesibles para as persoas con discapacidade auditiva”, apuntou.

A conselleira, ademais, fixo fincapé no proxecto europeo Reach 112, no que Galicia participa de forma pioneira. Este programa permite que as persoas con discapacidade poidan acceder ao servizo telefónico de emerxencias, mellorando a autonomía persoal.

Tamén destacou o programa BILDETEC, que permitiu mellorar o servizo de videointerpretación en lingua de signos para acceder ao Rexistro Xeral da Xunta e navegar na web do Goberno autonómico.

Así mesmo, Beatriz Mato sinalou que o colectivo das persoas

con discapacidade auditiva colaboraron nestes dous proxectos achegando as súas aportacións, ao igual que co Plan Integral para Persoas con Discapacidade.

“Esta é a ruta que marcamos, o camiño da integración e da igualdade de oportunidades, sempre en colaboración cos colectivos da discapacidade”, indicou Mato. Neste senso, lembrou que entre Xunta e FAXPG existe “unha fluída e constante colaboración” que se materializou na pasada lexislatura con diferentes liñas de financiamento. En total, FAXPG recibiu máis de 5,3 millóns de euros a través de convenios e diferentes liñas de axudas.

Formación e emprego

Mato destaca a importancia da primeira Lei do fomento do emprendemento de Galicia que verá a luz no próximo ano


- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou o Centro Mans posto en marcha pola Fundación Paideia
- ▶ Beatriz Mato apuntou que na pasada lexislatura invertéronse máis de 122 millóns de euros para apoiar a actividade de 18.000 autónomos e emprendedores
- ▶ A responsable de Traballo destacou que esta Lei supón a creación dun “marco legal que se axuste á realidade que vivimos e á auténtica dimensión social dos autónomos e emprendedores”
- ▶ Mato explicou que a creación e consolidación de novas empresas é unha das receitas que se deben aplicar para superar a crise

apoiar a actividade de 18.000 autónomos e emprendedores, catro anos nos que Galicia converteuse na Comunidade de España que menos débeda acumula con este colectivo.

Mato explicou que a creación e consolidación de novas empresas é unha das receitas que se deben aplicar para superar a crise e,

para iso, é necesario apoiar aos emprendedores con iniciativas como o acceso a instalacións modernas, contar co asesoramento profesional, ter a oportunidade de intercambiar experiencias ou crear sinerxías con outras pemes.

<http://www.mans-paideia.com/>



A Coruña, 14 de decembro de 2012.- A Xunta de Galicia elaborará no próximo ano a primeira Lei do fomento do emprendemento da Comunidade, que dará cobertura e apoio aos emprendedores galegos co obxectivo de incentivar a creación e implantación de empresas.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia da creación dun “marco legal que se axuste á realidade que vivimos e á auténtica dimensión social dos autónomos

e emprendedores” na súa visita ao Centro Mans posto en marcha pola Fundación Paideia, “un espazo adaptado ás necesidades de cada proxecto, un equipamento de primeira calidade e unha suma de coñecementos e experiencias para aprender, crecer e consolidarse”.

Beatriz Mato lembrou o “firme compromiso” da Xunta cos emprendedores, un total de 215.000 en toda Galicia, e apuntou que na pasada lexislatura invertéronse máis de 122 millóns de euros para

Preto do 84% das probas de competencias clave para obter certificados de profesionalidade foron aprobadas

- ▶ Máis de 2.300 persoas presentáronse ás 5.081 probas que tiveron lugar o pasado mes de novembro en Silleda (Pontevedra)
- ▶ As probas en competencias clave, que organiza a Consellería de Traballo e Benestar, permiten acceder ás persoas sen titulación á formación para o emprego asociada aos certificados de profesionalidade
- ▶ As competencias clave máis demandadas foron lingua galega, lingua castelá e matemáticas, cunha media do 90,20% de aprobados.

presentados, finalmente aprobaron un total de 4.243, un 83,51%.

As competencias clave máis demandadas foron lingua galega, lingua castelá e matemáticas, cunha media do 90,20% de aprobados. No bloque de competencias de ciencia, tecnoloxía e dixital a media de porcentaxes de aprobados é do 83,13%. Finalmente, a porcentaxe de éxito na competencia de lingua inglesa é do 36,06%.

Estas probas teñen como obxectivo incrementar a calidade da formación, axustala á demanda de cualificación profesional

requirida e mellorar as posibilidades de inserción profesional dos participantes. Ademais permiten a aquelas persoas que non posúen os requisitos académicos requiridos para optar aos novos certificados de profesionalidade poder acceder a eles.

Chámanse competencias clave aos contidos de formación básica que aseguran os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento a formación para o emprego correspondente aos novos certificados de profesionalidade.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>



Santiago, 21 de decembro de 2011.- Preto do 84 por cento das probas de competencias clave para obter certificados de profesionalidade da última convocatoria, celebrada o pasado 24 de novembro no recinto feiral de Silleda, foron aprobadas. Máis de 2.300 alumnos realizaron 5.081 exames correspondentes ao nivel 2 (participantes que non posúen o título da Educación Secundaria Obrigatoria).

Un total de 2.394 persoas solicitaron participar nestas probas

en competencia clave de nivel 2. Como estas persoas se presentaban para máis dunha competencia clave das 7 que se convocaban (lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencia, tecnoloxía, dixital e inglés), en total suman 8.944 solicitudes de probas en competencia clave, das que foron admitidas un total 8.848.

Do total de inscricións formalizadas, finalmente se presentaron e se realizaron probas por un total de 5.081, o que representa o 57,43% de participación. Deste total de

Feijóo anuncia unha partida de 36 millóns de euros para a formación de 14.000 desempregados co fin de mellorar a súa inserción no mercado laboral

- ▶ O presidente sinalou que o Goberno galego destinou un total de 40 millóns de euros no último mes para implementar programas encamiñados a “intentar reactivar o mercado laboral”
- ▶ Especificou que se trata dunha formación regrada “con certificados homologables ás esixencias do mercado en calquera lugar do país”
- ▶ 43.000 beneficiarios de pensións non contributivas, do fondo de asistencia social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos recibirán nos próximos días de xaneiro unha paga extraordinaria de 206 euros
- ▶ Subliña o apoio do Goberno galego “aos máis vulnerables” co pago dun complemento ás rendas limitadas que non existe en 12 autonomías e que ten un importe da metade que en Galicia nas outras catro

Santiago, 27 de decembro de 2012.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou unha partida de 36 millóns de euros que o Goberno galego destinará a mellorar a formación regrada de 14.000 desempregados co obxectivo da súa reinserción no mercado laboral.

Esta contía, que aprobou o Consello da Xunta, engádese aos catro millóns de euros autorizados a semana pasada para a realización de 126 cursos de formación que benefician a outros 1.900 traballadores. Polo tanto, segundo subliñou Feijóo, a Xunta acaba de destinar neste último mes un montante global de 40 millóns de euros para a implementación de medidas encamiñadas a “intentar reactivar o mercado laboral”

“En total 14.000 traballadores terán fondos públicos para mellorar a súa formación, para mellorar as súas posibilidades de empregabilidade”, dixo o presidente, quen recalcou que non se trata dunha formación “calquera”, senón “dunha formación que posibilita certificados de profesionalidade e que eses certificados sexan homologables ás esixencias do mercado en calquera lugar do país”.

Complemento de 206 euros para as pensións non contributivas e rendas limitadas

Na súa comparecencia ante os medios, o presidente da Xunta

avanzou que o Goberno galego decidiu tamén “apoiar as persoas máis vulnerables” co abono a 43.000 familias dunha paga extraordinaria de 206 euros. Concretou que “nos próximos días do mes de xaneiro”, as 43.000 familias que son beneficiarias de pensións non contributivas, receptoras do fondo de asistencia social ou do subsidio de garantía de ingresos mínimos “terán unha paga extraordinaria de 206 euros con cargo ao Orzamento autonómico”.

O titular do Goberno autonómico quixo subliñar o carácter “extraordinario” deste complemento das pensións non contributivas e das rendas limitadas, ao remarcar que se trata dunha paga con carácter “excepcional e temporal” para cumprir a doutrina do Tribunal Constitucional que non permite complementos autonómicos permanentes.

Resaltou ademais que este complemento non existe en doce comunidades autónomas de España e que nas catro nas que, ademais de Galicia, existe, ten unha contía de aproximadamente da metade que aquí. “Polo tanto, durante estes anos de crise, Galicia fixo un enorme esforzo para priorizar este tipo de complementos excepcionais ou pagas extraordinarias aos que teñen as rendas máis baixas, e no ano 2012 tamén é posible facer este exercicio de maior priorización no gasto social”, subliñou.



Feijóo puxo en valor que este complemento das rendas baixas se aboará “a pesares de que tivemos dificultades evidentes como consecuencia do incremento do gasto da renda de integración social de Galicia, que se incrementou nun 13% neste ano”. Nese sentido, abondou en que, pese a que o gasto na renda de integración social subiu de 23 a 28 millóns de euros “mantemos os 9 millóns de euros para o complemento extraordinario

de 206 euros para 43.000 familias galegas que están con maiores dificultades nos seus ingresos”.

Segundo explicou o presidente, os beneficiarios desta paga extraordinaria recibirana a través dunha transferencia bancaria na mesma conta corrente na que reciben a nómina, polo que os receptores “non necesitarán máis que agardar uns días para que se produza ese ingreso extraordinario”.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 278.787 desempregados

Santiago, 3 de xaneiro de 2013.- Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 278.787 persoas desempregadas. Isto supón un incremento de 2.251 persoas, o que supón en termos porcentuais un aumento do 0,81 por cento.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que o dato deste mes é negativo en tanto se ten rexistrado un aumento do desemprego en Galicia. Neste sentido, explicou que nestas datas en Galicia tradicionalmente se producen incrementos do paro, ao contrario que noutras comunidades autónomas que teñen un maior empuxe turístico ou de comercio no Nadal. "Mesmo en épocas de bonanza económica, Galicia rexistraba aumentos do desemprego no mes de decembro", explicou a responsable autonómica.

Neste sentido, precisou que o dato rexistrado este mes de decembro é o máis baixo dos meses de decembro dos últimos seis anos de Galicia. Ao respecto, precisou que nestes seis anos, agás no 2007, os incrementos foron como mínimo sempre de máis do dobre que o do rexistrado este ano.


Por outra banda, a directora xeral fixo fincapé tamén en que se conseguiu inverter a tendencia da evolución interanual. Así, este mes o dato interanual galego (+7,96%) é mellor que o do Estado (+9,64%), cando hai un ano a situación era á inversa. Deste xeito, Galicia sitúase como a sexta comunidade autónoma onde menos sube o desemprego en termos interanuais.

Se se analizan os datos de desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que o desemprego baixou no sector servizos (-757) e no colectivo

sen emprego anterior (-672). Pola súa banda, o paro aumentou na construción (+1.876); na industria (+1.259); e na agricultura e a pesca (+545).

Por provincias, o paro incrementouse neste mes en todas elas, agás en Ourense onde baixou en 90 persoas. Onde máis subiu foi na Coruña (+1.750), seguida por Pontevedra (+555) e por Lugo (+36).



No mes de decembro rexistráronse en Galicia un total de 44.779 contratos, 6.879 contratos menos que no mes anterior; deste total, 3.670 foron indefinidos (8%) e 41.109 temporais (92%).



	Parados mes	Variación relativa a mes anterior	
Ceuta	12.230	-7,97	
Melilla	12.605	-3,87	
Andalucía	1.083.829	-2,43	
Madrid	544.484	-1,68	
Canarias	284.915	-1,42	
Asturias	103.787	-1,36	
País Vasco	169.083	-1,16	
Castela e León	237.259	-1,09	
Murcia	154.551	-0,96	
Valencia	569.735	-0,91	
Aragón	110.521	-0,82	
Cataluña	646.956	-0,79	
Illes Balears	95.835	-0,56	
Castela-A Mancha	262.340	-0,21	
Extremadura	145.944	-0,16	
Navarra	51.944	0,18	
A Rioxa	27.577	0,21	
Galicia	278.787	0,81	
Cantabria	56.341	0,94	
TOTAL	4.848.723	-1,20	

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA

(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



Diálogo social

Mato inicia unha rolda de contactos cos axentes sociais nesta nova lexislatura

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza cos secretarios xerais de CC.OO Galicia, Xosé Manuel Sánchez Aguión, e de UGT Galicia, José Antonio Gómez
- A titular de Traballo destacou que a mellora da empregabilidade e a inclusión social forman parte das prioridades do Goberno galego
- Lembrou que a Xunta asinou na lexislatura pasada un total de 29 acordos no seo do diálogo social.

Santiago, 12 de decembro de 2012.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo a primeira reunión cos axentes sociais de Galicia nesta nova lexislatura para seguir traballando en consenso e avanzar na busca de actuacións conxuntas para facer fronte á actual conxuntura económica.

A titular do departamento autonómico recibiu en Santiago os secretarios xerais de CC.OO Galicia, Xosé Manuel Sánchez Aguión, e de UGT Galicia, José Antonio Gómez. A rolda de contactos seguirá as próximas semanas co resto de sindicatos maioritarios e a Confederación Empresarial de Galicia (CEG).

Mato destacou que a mellora da empregabilidade e a inclusión social forman parte das prioridades do Goberno galego e, por iso, afirmou que ten a intención de contar con todos os axentes sociais "para

acadar o mellor camiño para superar a situación actual".

A conselleira sinalou, así mesmo, que "o compromiso conxunto por traballar por unha Galicia mellor e reforzada para a saída desta crise" demóstrase no consenso acadado no seo do diálogo social. Neste senso, lembrou que na pasada lexislatura acadáronse 29 acordos en todas as áreas, tanto en emprego como en economía e no eido do social. "A maioría destas actuacións xa están executadas e o resto estanse a desenvolver", apuntou Mato.

Os 29 acordos alcanzados son unha mostra, segundo asegurou a titular de Traballo, de que o diálogo social na nosa Comunidade autónoma está vivo". Mato lembrou que estes acordos son froito "do esforzo e do traballo" realizado desde que se constituíu o diálogo social.



En definitiva, a conselleira de Traballo e Benestar destacou que desde a Xunta de Galicia estase a cumprir cos compromisos asinados no seo do diálogo social. Os últimos acordos asináronse en xaneiro deste ano e nestes establecéronse

programas que se están a desenvolver na actualidade, como son Emporfor e Forcon, dúas iniciativas dirixidas á mellora da empregabilidade e á contratación de mozos e mozas e de persoas desempregadas de longa duración.

O Goberno fixa o SMI en 645,30 euros mensuais

Madrid, 28 decembro 2012.- O Consello de Ministros aprobou, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2013, que se fixou en 21,51 euros diarios ou 645,30 euros mensuais.

Trátase dun incremento do SMI do 0,6% equivalente ao incremento máximo dos salarios pactados no II Acordo para o emprego e a negociación colectiva 2012, 2013, 2014, asinado o 25 de xaneiro de 2012. A proposta foi consultada

coas organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

O establecemento do crecemento do SMI para 2013 no mesmo límite máximo establecido no acordo dos axentes sociais ten por obxecto avalar unha vez máis o dito acordo, que está a dar tan bos resultados en materia de moderación salarial, á vez que se adopta unha decisión que, para o ámbito da negociación colectiva, foi avalada por patronal e sindicatos.

O Goberno valora que o Acordo dos axentes sociais está a facilitar a obtención de ganancias

de competitividade que permiten atraer investimentos estranxeiros e corrixir o desequilibrio externo acumulado pola economía española durante a fase de expansión, contribuíndo polo tanto á recuperación económica. Por iso, o Goberno considera que o SMI debería incrementarse na contía máxima de revalorización prevista polo devandito acordo, é dicir, un 0,6%.

Neste sentido, o incremento responde ao contexto económico actual que obriga á adopción de políticas salariais durante o ano 2013 que poidan contribuír ao

mesmo tempo á recuperación económica e á creación de emprego así como ao recoñecemento da necesidade dunha mellora, tras o mantemento das contías decidido para 2012.

Neste sentido, a revalorización considera de forma conxunta todos os factores considerados no artigo 27.1 do Estatuto dos Traballadores.

Así, con carácter xeral o SMI queda fixado en 21,51 euros ao día, ou 645,30 euros ao mes e en cómputo anual en ningún caso inferior a 9.034,20 euros.

A Inspección de Traballo prevé en 2013 unhas 38.000 actuacións, das que case a metade corresponden á área da economía irregular

- ▶ O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou na xuntanza da Comisión Territorial da Inspección de Traballo
- ▶ Durante a reunión, abordáronse os obxectivos que desenvolverá o próximo ano a Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Goberno central, en colaboración coa administración autonómica
- ▶ A prevención de riscos laborais, a igualdade entre homes e mulleres e a loita contra o emprego irregular seguen sendo prioritarios
- ▶ Ademais de continuar co seguimento das condicións dos ERES, tamén se introducirá unha nova campaña centrada nos expedientes de regulación de emprego en empresas supratonómicas.



Santiago, 11 de decembro de 2012.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, prevé realizar en 2013 preto de 38.000 actuacións, computando tanto aquelas accións planificadas como as non planificadas que se poidan orixinar, por exemplo, a partir de denuncias.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou na xuntanza da Comisión Territorial da Inspección de Traballo. Na reunión, abordouse a planificación de actuacións de cara o próximo ano.

Os obxectivos divídense en cinco grandes áreas de actuación: prevención de riscos laborais; emprego e relacións laborais; seguridade social; economía irregular e traballo de estranxeiros; e outras actuacións. De todas estas áreas, é a economía irregular e traballo de estranxeiros a que concentra unha maior porcentaxe de actuacións, en concreto, un 42,5 por cento do total.

Nesta xuntanza e, en relación con estas actuacións, analizouse un Plan de actuación contra o traballo non declarado en Galicia, proposto pola Xunta de Galicia, para levar a cabo de xeito conxunto durante o próximo ano.

En canto á área de actuación en prevención de riscos laborais, esta seguirá tendo un carácter prioritario. Entre outras medidas, continuarase desenvolvendo unha

actuación permanente e relevante no control das condicións de seguridade na construción. Ao mesmo tempo, daráselle continuidade ao seguimento coordinado das grandes obras como poden ser o Porto exterior de Punta Langosteira; as obras do AVE; a terceira rolda; as autoestradas; ou o novo Hospital de Vigo. Tamén se visitarán aquelas empresas con maior índice de sinistralidade.

Nesta área seguirase potenciando o labor inspector nas empresas pequenas e medianas que aínda non implantaron plenamente medidas de prevención; e tamén se desenvolverán campañas específicas no sector pesqueiro ou na comprobación dos riscos musculoesqueléticos.

Neste aspecto, tamén se deu conta da programación que deberán realizar os técnicos habilitados do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral para a realización de actividades de comprobación material das condicións de seguridade e saúde laboral nas empresas.

Por último, neste eido da prevención dos riscos laborais, continuarase como ata agora coa investigación do 100 por cento dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais graves, moi graves ou mortais, ou aqueles que afecten a menores.

Emprego e relacións laborais

A segunda das áreas de actuación é a de emprego e relacións laborais. Entre outras materias,

programouse un plan para o control da correcta utilización dos contratos formativos, das prácticas non laborais en empresas e a persecución, en xeral, do fraude na contratación.

Ao mesmo tempo, tamén se prevén actuacións para garantir a integración laboral das persoas con discapacidade.

Pola súa banda, no que se refire ás condicións de traballo, prevense accións en materia de xornada laboral, horas extraordinarias e descansos especialmente naqueles sectores onde se detecten maior número de irregularidades. Ademais, teranse tamén en conta o número de denuncias que haxa nesta área.

No eido da discriminación, continuarase co control das condicións de traballo dos traballadores portugueses en España e dos españois en Portugal. Nesta área, un dos obxectivos prioritarios é a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A terceira área, relativa á Seguridade Social, centrarase na actividade inspectora en materia de inscrición, afiliación e alta; cotización; recadación ou prestacións.

Economía irregular

Por último, a cuarta área, que concentra o 42,5 por cento das actuacións, céntrase na loita contra o emprego irregular.

Fundamentalmente, trata de detectar faltas de alta na Seguridade Social; traballos de perceptores de prestacións incompatibles; ou o emprego irregular de estranxeiros.

Dentro deste programa, controlaranse, entre outros asuntos, as condicións e funcións dos becarios, os contratos a tempo parcial ou os falsos autónomos. A maiores, introdúcense novas campañas derivadas do Plan de loita contra o emprego irregular e o fraude á Seguridade Social como pode ser o control da aplicación de ERES de carácter supratonómico.

Darase tamén continuidade á campaña de seguimento das condicións e medidas de aprobación dos Expedientes de regulación de emprego que xa estivo funcionando este ano.

Nesta área de economía irregular, se dividimos as actuacións por sectores sen ter en conta aquelas actuacións que son de carácter intersectorial, reflíctese que a maior parte das inspeccións centraranse no sector da hostalería, seguida do comercio e da construción.

Todas estas actuacións levaranse a cabo en Galicia, por un cadro de persoal de 112 efectivos entre inspectores e subinspectores, ademais dos 11 técnicos habilitados do ISSGA, especializados en materias de seguridade e saúde laboral.

A Rede Eusumo de fomento do cooperativismo conta xa con 22 puntos de asesoramento en Galicia

- ▶ O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, inaugurou a xornada "Cooperar, unha opción con futuro"
- ▶ Na súa intervención, destacou a creación da Rede Eusumo, o primeiro entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social na comunidade autónoma
- ▶ Os principais obxectivos da Rede son a posta en marcha de novos proxectos cooperativos, así como consolidar as empresas de economía social xa existentes mediante a mellora da súa competitividade
- ▶ Ao longo desta lexislatura déronse de alta en Galicia 168 novas cooperativas, un 75 por cento máis que na lexislatura anterior.



Santiago, 18 de decembro de 2012.- A Rede Eusumo de fomento do cooperativismo, promovida e creada pola Consellería de Traballo e Benestar, conta xa con 22 puntos de asesoramento en Galicia. Estes centros e oficinas de fomento cooperativo foron postos en marcha mediante a colaboración con distintas entidades e agrupacións de concellos.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, inaugurou en Santiago a xornada "Cooperar, unha opción con futuro". Na súa intervención, centrouse na creación da Rede Eusumo, o primeiro entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social na comunidade autónoma. Neste sentido, lembrou que en novembro aprobouse o decreto que permite consolidar e ampliar este programa, ao tempo que lle outorga un carácter estable.

Os principais obxectivos desta rede son a posta en marcha de novos proxectos cooperativos, como motores da creación de emprego; e, por outra banda, a consolidación das empresas de economía social

existentes mediante a mellora da súa competitividade.

Para acadar estas metas, a rede ocúpase de achegar información e asesoramento especializado a desempregados, cooperativistas, emprendedores e cidadanía en xeral, prestando especial atención aos procesos de acompañamento de proxectos.

As entidades colaboradoras da rede son, e serán, aquelas que teñan interese no desenvolvemento da economía social, no apoio ao emprendemento ou no desenvolvemento local, e que poñan a disposición da Rede Eusumo algún dos medios e recursos dos que dispoñan, tales como infraestruturas e servizos.

Poderán ser entidades colaboradoras desta Rede as administracións públicas; as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais; as sociedades cooperativas galegas; as fundacións e asociacións; as universidades -a través dos seus centros colaboradores-; as cámaras de comercio e outras entidades sen ánimo de lucro.

Unha das características do modelo de funcionamento da

Rede é o feito de que explora no territorio, tratando de atopar espazos de oportunidade. Este traballo realízase a partir de entrevistas e contactos con diferentes axentes e coa conformación de grupos de traballo. Nestes grupos analízanse as potencialidades do sector, preséntanse as fórmulas da economía social para apreciar en que medida poden adaptarse ao mesmo e realízase formación práctica en habilidades de traballo en equipo e participación.

Os servizos sociais e a atención a persoas en situación de dependencia son un dos eidos potenciais de creación de emprego en Galicia. En liña coa potenciación destes sectores, a Rede Eusumo ofrece un apoio específico para fomentar empresas de economía social neles.

Proba de que -como é o lema da xornada- as cooperativas son unha "opción con futuro" é que ao longo desta lexislatura déronse de

alta en Galicia 168 novas cooperativas, cun total de 4.106 socios. Isto supón un incremento do 75% en relación coas cooperativas creadas na lexislatura anterior, e un incremento do 109% en relación co número de socios.

Xornada sobre cooperativas

Ademais da rede Eusumo, as xornadas que se están a celebrar hoxe abordan outros temas de interese no eido cooperativo. Entre outros asuntos, estase a tratar a dinamización do emprego e o impulso á internacionalización, a través de proxectos como o Coopera +, da Xunta de Galicia.

Outras ponencias e mesas técnicas están a céntrase en temas como as oportunidades cooperativas fronte á crise; a internacionalización, tamén para as pequenas empresas; ou ferramentas para a comercialización a través de aplicacións TIC para o fomento do e-commerce.

<http://www.eusumo.coop/>



Traballo e economía social

A sinistralidade laboral diminuíu nun 24,06% entre xaneiro e novembro de 2012

Santiago, 29 de decembro de 2012.- A sinistralidade laboral diminuíu nun 24,06 por cento entre xaneiro e novembro de 2012, cun total de 22.175 accidentes laborais fronte aos 29.200 rexistrados no mesmo período do ano 2011.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias: nunha porcentaxe do 27,85% en Pontevedra, nun 23,52% en Lugo, do 22,11% na Coruña e do 19,14% en Ourense.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

Os datos da incidencia tamén reflicten o descenso da sinistralidade, sendo a diminución no total de Galicia do 20,22% e os datos da diminución por provincias os seguintes: 23,58% en Pontevedra, 19,77% en Lugo, 18,60% na Coruña e 15,44% en Ourense.

http://www.issga.es/html/public/estadisticas_



Sinistralidade laboral en novembro

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en novembro do 2012 descendeu un 18,39% respecto ao 2011. Neste mes rexistráronse 2.219 accidentes fronte aos 2.719 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

O índice de incidencia do total

dos accidentes en xornada laboral en Galicia, descendeu un 13,86% en novembro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Descendeu a incidencia nos seguintes sectores: na agricultura o 17,38%, na industria o 16,95%, nos servizos o 12,65% e na construción a diminución foi do 6,45%, pola contra, aumentou a incidencia na pesca nun 9,60%.

Preto de 600 persoas formáronse en 35 cursos de riscos laborais no sector agrario e forestal organizados polo ISSGA

Santiago, 23 de decembro de 2012.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) desenvolveu entre os meses de novembro e decembro, un total de 35 cursos gratuítos de prevención de riscos laborais no sector agroforestal, que ofertaron unhas 570 prazas. Trátase dunha actividade formativa que se desenvolve cada ano e que terá continuidade nos próximos exercicios.

Os 35 cursos abarcan contidos distintos co obxecto de formar en prevención de riscos laborais os traballadores dos sectores agrogandeiro e forestal naquelas actividades con maior implantación en Galicia. As distintas edicións están dedicadas ao emprego de maquinaria agrícola, da maquinaria forestal e ao manexo práctico da motoserra, ás tarefas propias das explotacións gandeiras e á actividade vitivinícola.

O obxectivo dos cursos é dar ao alumnado unha formación eminentemente práctica. Incídese especialmente no manexo correcto e seguro da maquinaria empregada nas tarefas agrarias e forestais

e, en cada un deles, explícanse cales son os riscos e as medidas preventivas que se deben adoptar. Os alumnos manexan maquinaria, efectúan prácticas e tarefas de mantemento reais, de acordo coa temática do curso.

Os sectores de actividade elixidos xustifícanse pola súa importancia económica e social, e tamén polas súas taxas de sinistralidade en accidentes laborais. Ademais, existe unha grande parte da poboación que desenvolve estas tarefas no ámbito doméstico e que debe coñecer os riscos e como evitalos.

A impartición dos cursos deseñouse cunha ampla distribución territorial, xa que trata de facilitar o seu seguimento á poboación destinataria do curso. Impártense en 35 concellos distintos, das catro provincias, dentro dos concellos incluídos nos plans de zona rurais que especifica o convenio que os financia. A proximidade xeográfica ao alumnado e a orientación práctica dos contidos son os factores determinantes no deseño destes cursos.

En concreto, o curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria agrícola impartíuse en Valdoviño, Oia, Xermade, Abegondo e Lobios. O curso de prevención de riscos laborais no manexo de maquinaria forestal lixeira tivo lugar no Carballiño, Xinzo de Limia, Celanova e San Cibrao das Viñas. O curso para actividades de poda e tala desenvolveuse en Sober, Baralla e Palas de Rei.

Así mesmo, o curso de prevención de riscos laborais nas pequenas explotacións gandeiras tivo lugar en Folgoso do Courel, Meira, Begonte, Quiroga e Taboada.

Ademais, o curso de prevención de riscos laborais en traballos agropetuarios impartíuse en Baleira, Pontón, Vilalba, Cospeito e O Saviñao.

Por último, o curso de prevención de riscos laborais en adegas e tarefas vitivinícolas tivo lugar na Cañiza, Pontecaldelas, Mos, Tui, Melide, Boqueixón, Vilanova de Arousa e Sanxenxo.

A difusión da convocatoria dos cursos fíxose a través daquelas entidades próximas ao colectivo de traballadores aos que está dirixido.

Contouse coa colaboración dos concellos, oficinas de emprego de referencia desa zona, cooperativas agrícolas, sindicatos agrarios, comunidades de montes e empresas do sector, entre outros.

Outras actividades formativas e de sensibilización ligadas a este convenio

Estas actividades formativas son continuidade das iniciadas no mes de setembro por este Instituto, nas que preto de 300 persoas formáronse en oito cursos básicos do ISSGA de prevención de riscos laborais para actividades do agro.

Neste marco tivo lugar o pasado mes de outubro en Celeiro a xornada técnica sobre a guía para a prevención de riscos no traballo a bordo dos buques de pesca.

Entre as actividades informativas que se están a desenvolver está a difusión de material informativo dirixido a outros colectivos do sector primario, coma son as Guías de boas prácticas no marisqueo a pé, manual práctica onde se indican as pautas básicas para o traballo diario para esta actividade.

Xuventude e voluntariado

Benestar participa nunha asemblea estatal dirixida a dinamizar os albergues xuvenís

- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, apoiou a iniciativa da Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ) de fortalecer unha rede que conta con 258 albergues xuvenís e máis de 70.000 usuarios
- Estas accións terán como obxectivo aumentar en tres anos un 4 por cento o número de carnés expedidos, incrementar nun 3,5 por cento o número de pernactacións nos establecementos da rede e acadar xa este ano o equilibrio orzamentario do REAJ

Madrid, 12 de decembro de 2012.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado participa na Asemblea Xeral Ordinaria da Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ), que ten lugar en Madrid. Na xuntanza debateuse, entre outros puntos, o Plan estratéxico do REAJ para os vindeiros tres anos, que pretende dinamizar e fortalecer unha rede que conta con 258 albergues xuvenís e máis de 70.000 usuarios e que será apoiado polo

director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro.

A pesar destas cifras, constatouse nos últimos cinco anos unha baixada significativa tanto do número de carnés de alberguista expedidos pola rede, como do número de pernactacións nos establecementos, que en 2011 foron un 8,7% inferiores ás de 2007. Ademais, o REAJ pretende difundir máis a súa rede, así como a calidade das súas instalacións.

Para paliar esta situación, a dirección do REAJ propón a posta en marcha dun plan conxunto cos seguintes eixos principais: potenciar o carné de alberguista; aumentar as pernactacións nos albergues da rede; e difundir os valores e vantaxes do alberguismo.

Entre as accións concretas, o plan estratéxico do REAJ propón facilitar a venda do carné de alberguista en lugares de gran afluencia de mozos e mozas, e incrementar as posibilidades do documento, conveniando descontos en aluguer de vehículos, transporte público ou parques temáticos e mesmo buscando patrocinadores privados que poidan estar interesados en promocionarse a través deste documento.

Ademais, o documento tamén propón poñer a rede á disposición

dos diferentes programas de mobilidade xuvenil, reforzar a presenza do REAJ a nivel internacional, colaborar con entidades non gubernamentais, fomentar a imaxe institucional ou mellorar a calidade das instalacións e a formación dos empregados.

Estas accións terán como obxectivo aumentar en tres anos un 4 por cento o número de carnés expedidos, e incrementar nun 3,5 por cento o número de pernactacións nos establecementos da rede.

En Galicia, están adheridos ao REAJ os albergues de Gandarío (Bergondo) LUG II (Lugo), Altamar (Pontevedra), Florentino López Cuevillas (Ourense), As Corcerizas (Vilar de Barrio, Ourense), Os Biocos (San Xoán de Río, Ourense), Equal (Coles, Ourense) e Monte do Gozo en Santiago.

Preto dun millar de mozos e mozas participaron este ano en proxectos galegos de mobilidade impulsados por Xuventude

Santiago, 9 de decembro de 2012.- Un total de 969 mozos e mozas participaron durante 2012 nos proxectos galegos do programa europeo de participación e mobilidade Xuventude en acción, unha iniciativa que xestiona a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Así o indica a estatística anual que elabora o Instituto da Xuventude do Ministerio de Sanidade, Servizos sociais e Igualdade para toda España.

O estudo tamén sinala que Galicia é a terceira comunidade con máis proxectos aprobados, un total de 60, o que supón o 10% estatal, a pesar de que a nosa comunidade é a quinta autonomía en número total de mozos, que supoñen só un 5,3% do total español.

Este elevado índice de participación pon de manifesto unha importante iniciativa dos mozos e mozas galegos en temas de

mobilidade e participación activa, en todas as actuacións que teñan que ver coa adquisición de competencias mediante a aprendizaxe non formal.

A Comunidade autónoma foi tamén unha das poucas autonomías que logrou acoller proxectos de todas e cada unha das sete accións das que consta este programa. O orzamento manexado por entidades e asociacións xuvenís para levar adiante os sesenta proxectos foi de 818.510 euros.

Xuventude en acción é un programa creado para promover a mobilidade dos mozos e mozas europeos, infundindo así un sentimento de cidadanía europea activa, solidariedade e tolerancia entre a mocidade co fin de promover a súa implicación na construción europea.

O programa fomenta a mobilidade dentro e fora dos límites da Unión Europea, a aprendizaxe non formal e o diálogo intercultural

e tamén apoia a empregabilidade e a inclusión de todos os mozos e mozas independentemente do contexto social, educativo ou cultural ao que pertenczan.

O programa está dividido en diversas accións. Destaca a posibilidade que se oferta a grupos de mozos e mozas, procedentes de diferentes países, de atoparse e de coñecer mellor as súas respectivas culturas. Os grupos planifican xuntos o intercambio en torno a un tema de interese mutuo.

Outra das accións permite prestar apoio a proxectos de grupos e asociacións deseñados a nivel local, rexional ou nacional, así como a proxectos en rede entre distintos países. Os proxectos de democracia participativa constitúen outra das actividades e con eles apóiase a participación dos mozos na vida democrática da súa comunidade, ben a nivel local, rexional, nacional ou internacional.

A través deste programa tamén se fomenta a participación dos mozos en diferentes formas de actividades de voluntariado nun país distinto ao seu de residencia. Así mesmo, existe a posibilidade de que os mozos e mozas presten o seu apoio a proxectos con países socios veciños, principalmente intercambios, formación e proxectos de conexión en rede. As actividades de formación de traballadores novos e organizacións xuvenís, a través do intercambio de experiencias, coñecementos e boas prácticas, constitúe outro tipo de acción.

